

INSTRUCCIÓN Nº 1/2019 DE 11 DE XANEIRO DE 2019

POLA QUE SE ESTABLECEN OS CRITERIOS INTERPRETATIVOS REFERENTES Á CREACIÓN E CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO APLICABLES AOS PROXECTOS SUBVENCIONADOS AO ABEIRO DA SUBMEDIDA 19.2 (PROXECTOS LEADER) DO PDR DE GALICIA 2014-2020

O artigo 19.1 apartados b) e c) das bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader (submedidas 19.2 e 19.4), cofinanciadas co Feader no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR) publicadas a través da Resolución do 29 de decembro de 2016 pola que se publica o Acordo do Consello de Dirección do 29 de decembro de 2016 (DOG nº 12, do 18 de xaneiro de 2017), regulan, respectivamente as obrigas de consolidación e de mantemento dos empregos creados.

En concreto, o apartado b) do citado artigo 19.1 das bases reguladoras establece que os beneficiarios asumirán a obriga de:

“Manter os empregos consolidados durante os 5 anos posteriores á data da resolución do pagamento final do proxecto. Para os efectos de mantemento de emprego, considéranse empregos consolidados os resultantes da análise e valoración do informe de vida laboral, presentado polo promotor, referentes aos doce meses inmediatamente anteriores á data da solicitude de axuda”.

Por outra banda, o apartado c) do citado artigo 19.1 das bases reguladoras establece que os beneficiarios asumirán a obriga de:

“Manter durante os 5 anos posteriores á data da resolución de pagamento final do proxecto, os empregos que teña a obriga de crear, segundo a valoración acadada en relación con este punto nos criterios de selección. Só computarán como empregos de nova creación os creados con posterioridade á data da solicitude de axuda. Naqueles proxectos que creen 5 ou máis em-



pregos, un terzo destes deberán estar cubertos no momento da solicitude do pagamento final do expediente e admitiranse, respecto dos restantes, os que se creen no prazo máximo de 6 meses contados desde a data do pagamento final”.

As bases reguladoras, establecen, por outra parte, que tanto o emprego consolidado como o de nova creación computaranse en termos equivalentes ás UTA (unidades de traballo anual).

En relación coas fichas de elixibilidade, a ficha V (investimentos que supoñan a creación, modernización ou ampliación de todo tipo de empresas que desenvolvan actividades non agrarias) establece (artigo 47 das bases reguladoras) que se considerará creación de empresa a posta en marcha dunha nova empresa ou, no caso de que a empresa xa tivese actividade comercial con carácter previo á solicitude de axuda, a posta en marcha dunha actividade distinta á que viñese desenvolvendo con carácter previo á data da solicitude de axuda. Considérase que a actividade é distinta cando a división do código nacional de actividades económicas (CNAE) correspondente á nova actividade sexa distinta á división do CNAE correspondente á actividade ou actividades comerciais que tivese a empresa con carácter previo á data da solicitude de axuda (téñase en conta a redacción establecida segundo corrección de erros das bases reguladoras publicado no DOG o venres, 28 de abril de 2017 – DOG núm. 82).

Co obxecto de establecer polo miúdo os criterios interpretativos aplicables á creación e ao mantemento do emprego dos expedientes tramitados ao abeiro da submedida 19.2 do PDR de Galicia 2014-2020, dítase a seguinte instrución:

1.Obriga de mantemento dos empregos (consolidación de emprego).-

A consolidación do emprego refírese á obriga de manter durante o período mínimo que establecen as bases reguladoras (5 anos na actualidade) o número de UTAS resultado da análise e valoración do informe de vida laboral, presentado polo promotor, referentes aos doce meses inmediatamente anteriores á data da solicitude de axuda.

Como promotor entendemos a persoa física ou xurídica solicitante.

No caso de que a data da súa creación (persoa xurídica) ou do inicio da actividade económica obxecto de subvención (persoa física: autónomo) sexa inferior aos 12 meses anteriores á data da solicitude de axuda, realizarase, para os efectos de establecer o número de UTAS que o promotor teña a obriga de consolidar, unha redución proporcional ao tempo que faltara para completar a totalidade dos citados 12 meses. A estes efectos, considerarase que unha persoa física inicia unha actividade económica no momento no que se da de alta no correspondente epígrafe do imposto de actividades económicas (I.A.E).

O encadramento do proxecto como creación, modernización ou ampliación dentro da ficha de elixibilidade V en función de que a división do CNAE na que se encadre a actividade subvencionada sexa distinta daquela na que xa estaba dado de alta a persoa solicitante non exime a esta da obriga de consolidación de todas as UTAS que como resultado do informe de vida laboral correspondente aos últimos 12 meses, teña a persoa solicitante (aínda que estas



UTAS estean encadradas en outras divisións do CNAE distintas á división do CNAE na que se encadre o proxecto subvencionado).

2. Obriga de creación de emprego.-

A obriga de creación de emprego vén determinada polo número de UTAS que a persoa que resulte beneficiaria se comprometa a crear e que polo tanto sexan puntuadas a través da aplicación dos criterios de selección do GDR (baremo).

O equipo xestor do GDR unicamente poderá puntuar as UTAS que o promotor se comprometa a crear e que polo tanto indique no correspondente plan de xestión asinado e presentado xunto coa solicitude de axuda (ou no seu defecto logo do requirimento do equipo xestor do GDR no prazo máximo e improrrogable de 10 días hábiles que establece o artigo 12.1 das bases reguladoras).

A partir deste momento procedimental da instrución do expediente non se admitirá incremento ningún na puntuación do baremo do expediente relacionado co número de UTAS que o solicitante se comprometa a crear. Será factible, non obstante, unha redución do número de UTAS comprometidas que faga manter ou baixar a puntuación do baremo, sempre e cando esta modificación (solicitude por parte da persoa solicitante e revisión do ICE por parte do equipo xestor do GDR) se produzan con carácter previo á proposta de resolución da xunta directiva do GDR que corresponda ao proxecto.

3. Revisión e comprobación das obrigas de creación e consolidación do emprego.-

O cumprimento da obriga de consolidación e de creación dos empregos revisarase da seguinte forma:

- 1) No 100% das solicitudes de pagamento final, do seguinte xeito:

No suposto de que o expediente teña a obriga de consolidación, en primeiro lugar deberá acreditarse que o solicitante cumpre co compromiso de mantemento do número de UTAS que se establezan no ICE e na resolución de concesión de axuda mediante a comprobación do informe de vida laboral da/das contas de cotización da empresa e/ou dos traballadores autónomos, correspondente aos 12 meses anteriores á data de presentación da solicitude de pagamento final.

Unha vez que como resultado desta comprobación, o número de UTAS resultante acade como mínimo o número de UTAS que o promotor teña que consolidar segundo o cálculo inicial derivado da data da solicitude de axuda e que se reflectiron no ICE e na resolución de concesión de axuda, procederá revisar e computar a obriga relacionada coa creación de emprego.

Para os efectos de creación de emprego, consideraranse empregos creados, os empregos derivados da contratación por conta allea e/ ou de traballadores autónomos que sexan de data posteriores á data da solicitude de axuda.



No suposto de que unha persoa xurídica sexa promotora dun expediente Leader e que esta persoa xurídica fora resultado do cambio de réxime xurídico dun autónomo que viñera desenvolvendo con carácter previo á solicitude de axuda unha determinada actividade económica, o emprego do autónomo non poderá ser tido en conta como creación de emprego, salvo que se tivera producido unha interrupción na actividade económica de polo menos 3 meses, contados entre a data na que o autónomo finalizou a actividade económica e polo tanto se deu de baixa no réxime de autónomos e a data da creación da persoa xurídica que promova o expediente.

Para a consolidación e a creación do emprego referido ás persoas físicas que teñan dualidade de cotización, e dicir, que estean ou que se vaian a dar de alta no réxime xeral como traballadores por conta allea e ademais estean dadas de alta ou se vaian a dar de alta no réxime de traballadores autónomos, o cómputo das UTAS a efectos da medida Leader será de 0,50 UTAS en réxime xeral e de 0,50 UTAS en réxime de autónomos.

Para o cumprimento da obriga de creación de emprego será necesario que das copias dos contratos de traballo que se presenten xunto coa solicitude de pagamento final, a suma das UTAS resultante dun hipotético cumprimento íntegro destes contratos dea como resultado un número igual ou maior das UTAS que figuren como obriga de creación. Por exemplo, no caso de que o promotor teña a obriga de crear 1 UTA, poderá presentar un contrato de duración indefinida a tempo completo; ou como mínimo dous contratos de traballo de duración indefinida a tempo parcial pola metade da xornada; ou como mínimo dous contratos de duración determinada (6 meses) a tempo completo.

Os requisitos establecidos no parágrafo anterior serán de aplicación aos empregos aos que se refire o punto c) do artigo 19.1 das bases reguladoras, que sinala: “naqueles proxectos que creen 5 ou máis empregos, un terzo destes deberán estar cubertos no momento da solicitude do pagamento final do expediente e admitiranse, respecto dos restantes, que se creen no prazo máximo de 6 meses, contados dende a data do pagamento final”.

- 2) No 1% dos fondos públicos correspondentes a expedientes xa finalizados e pagados que estean dentro do período de mantemento de compromisos que establezan as bases reguladoras, do seguinte xeito:

Os expedientes que sexan obxecto de control a posteriori serán revisados directamente polo persoal da Agader. Para estes efectos, comprobarase que o promotor mantén o nivel de emprego consolidado e o nivel do emprego creado; a través do correspondente informe de vida laboral da/das conta/s de cotización da



empresa e/ou dos traballadores autónomos, correspondente aos 12 meses anteriores á data da realización do control.

Os equipos xestores dos GDR deberán comunicar á Agader calquera circunstancia da que teñan coñecemento e que ao seu xuízo poida supoñer un incumprimento da obriga de permanencia do nivel do emprego dos proxectos subvencionados no seu territorio, coa finalidade de que Agader poida orientar os controis a posteriori a posibles incumprimentos.

4. Incumprimentos nas obrigas de creación ou consolidación das UTAS.

1) Incumprimentos detectados na solicitude de pagamento final.

Salvo nos supostos nos que se acredite forza maior, no senso do sinalado no artigo 27.5 do Réxime de Axudas, o incumprimento na obrigas de consolidación do nivel de emprego establecido na resolución de concesión de axuda suporá o inicio da tramitación dun expediente de perda do dereito ao cobro da subvención e no caso de que o promotor xa tivera cobrado algún pagamento a conta, de reintegro.

O incumprimento na obriga de creación de emprego, segundo os criterios establecidos nesta instrución, dará lugar a unha rebaremación do expediente. No suposto de que como consecuencia deste incumprimento o expediente sufrira un descenso na puntuación obtida que non tivese impedido a selección do proxecto en concorrencia competitiva no correspondente período de selección ao que concorreu, revisarase a puntuación asignada inicialmente e axustarase a axuda á puntuación que lle corresponda.

No caso de que o descenso na puntuación supuxera que o expediente non tivese superado a puntuación de corte (mínima para ter acceso aos fondos dispoñibles da convocatoria) na concorrencia competitiva correspondente ao período de selección no que concorreu, realizarase unha perda do dereito ao cobro e/ou reintegro no seu caso, pola totalidade da subvención e procederase a asignárselle os fondos que o expediente libere ao proxecto que se atopase en primeiro lugar na lista de agarda e cuxo promotor acepte o importe e distribución da axuda, ou no seu caso, ao expediente que se atope en situación de adxudicación parcial por falta de fondos, correspondente, en ambos casos á convocatoria e á tipoloxía na que o proxecto concorreu.

2) Incumprimentos detectados nos controis a posteriori.

En relación cos incumprimentos detectados nos controis a posteriori relacionados co período de permanencia do compromiso de mantemento do emprego (tanto o consolidado como o creado), a cantidade que se reintegrará será proporcional ao tempo de incumprimento, ata acadar o prazo mínimo de mantemento de compromisos que establezan as bases reguladoras, sempre e cando non se produza o incumprimento nos primeiros dous anos de compromiso posto que neste caso procederá o reintegro total da axuda.



Publicidade e entrada en vigor desta instrución.-

Esta instrución será publicada na web da Agader e notificada electronicamente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://notifica.xunta.gal>) a todos os GDR seleccionados para a aplicación dunha Estratexia de Desenvolvemento Local participativo ao abeiro da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020.

Os criterios interpretativos e as normas contidas nesta instrución serán aplicables a partir do día da recepción da mesma polos GDR destinatarios.

Santiago de Compostela

O director xeral de AGADER

(Asinado electronicamente)

Miguel Ángel Pérez Dubois

